

Convocatoria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego para o día 18 de xuño de 2020

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, debe realizar sesión ordinaria os xoves da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego en sesión **ordinaria**, para o **día 18 de xuño de 2020**, ás 17.00 horas, polo sistema de **videoconferencia** (o enlace remitiráselles por correo electrónico) coa seguinte orde do día:

1. 2020/24S/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de maio de 2020

2. 2020/16484D NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción de Ciudadanos relativa á apertura dos centros ocupacionais.

3. 2020/17231C NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do BNG para que a Xunta de Galicia e cargos públicos retomen as súas responsabilidades propias

4. 2020/17403P NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista para instarlles á Xunta de Galicia e ao Parlamento Galego a que investiguen a xestión nas residencias da terceira idade dos contaxios e falecementos por coronavirus en Galicia e Ourense, e para que garantan unha atención residencial de calidade para as persoas maiores na nosa terra.

5. 2020/17448F NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Popular para instar ao Goberno de España a proporcionarlles información detallada ás entidades locais e comunidades autónomas sobre o ingreso mínimo vital e a garantir que as administracións que o teñan que xestionar contén con recursos suficientes

6. 2020/17664Q NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Popular e Democracia Ourensana para esixir a dimisión do deputado Rodríguez Villarino polos seus ataques a autónomos e PEMES da provincia de Ourense, e o cese do subdelegado do goberno pola súa falta de transparencia e actuacións viciadas de partidismo

7. MOCIÓNS DE URXENCIA.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.